

XV CERTAME DE POESÍA ERÓTICA "ILLAS SISARGAS" 2020

Dando continuidade ao que xa é unha tradición na convocatoria poética en lingua galega, a Asociación Cultural Caldeirón coa colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños convoca o

XV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas

de acordo coas seguintes

BASES

1) Poderán optar ao premio todos os autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten **un libro inédito de temática erótica** non premiado con anterioridade e escrito en lingua galega, en calquera das súas normativas recoñecidas.

2) Establécese un premio único de **1.000 €** (suxeitos ás retencións correspondentes) e a **publicación da 1ª edición da obra** na colección Illas Sisargas da Editorial Caldeirón. Esta edición constará de 400 exemplares. Os dereitos de autoría desta primeira edición considéranse cubertos pola contía do premio. Porén, entregaranse en compensación á persoa gañadora 30 exemplares da obra. Editorial Caldeirón resérvase o dereito de edición da obra por un prazo de dezaioito meses.

3) Os **textos enviaranse por correo electrónico en formato PDF** ao enderezo seguinte

premio@caldeiron.org

Na mensaxe incluíranse dous arquivos, un coa obra e outro coa plica. O



arquivo da obra non incluírá ningunha referencia ao autor ou autora. No da plica indícarase o título da obra, o nome completo do autor ou autora, documento identificativo, e todos os datos de contacto.

4) O prazo de admisión de orixinais remata o domingo **19 de setembro de 2020** á medianoite.

5) O xurado estará composto por tres persoas: unha a proposta do Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños, outra a proposta da A.C. Caldeirón e o gañador ou gañadora da edición inmediatamente anterior do certame ou, de non ser posible, outra persoa de relevancia no sistema literario. Actuará como Secretario o membro do xurado proposto polo Concello de Malpica ou, no seu defecto, quen designe a A.C. Caldeirón. O xurado decidirá sobre calquera extremo non contemplado nestas bases e **a súa decisión será inapelable**.

6) As persoas participantes terán a obriga de comunicar á organización a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, a ser posible en sesión única, requiríndose a asistencia de dous dos seus membros como mínimo. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O premio poderá ser declarado deserto ou compartido "ex-aequo" por varios autores e/ou autoras, se o xurado o estima oportuno. A decisión do xurado terá lugar no mes de novembro de 2020 e darase a coñecer no marco da Cea das Letras. A continuación, darase a coñecer a información aos medios de prensa.

7) Non se manterá correspondencia sobre as obras presentadas.

8) A participación no certame supón a total aceptación destas bases.

